



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes
Expediente: 2019000003591

RESOLUCIÓN Nº 27038/2019 POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS DE INVESTIGACIÓN 2019-ÁREA DE CIENCIAS DA SAÚDE

Don XOSÉ REGUEIRA VARELA, Presidente en funcións da Deputación Provincial da Coruña

Por resolución da presidencia n.º 24155, do 11 de xullo de 2019, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas de investigación 2019-Área de ciencias da saúde e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se for o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Comprobouse pola unidade xestora que no dito prazo Francisco Javier Moreno Acea presentou renuncia á bolsa que tiña adxudicada de xeito provisional, polo que a bolsa se adxudicará á primeira suplente, Patricia Lado Fernández.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

1.- Aceptar a renuncia presentada por Francisco Javier Moreno Acea.

2.- Conceder definitivamente as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: FERNÁNDEZ GARCÍA, LAURA

Expediente: 2019000011637

Título do proxecto obxecto da bolsa: Tratamentos antibacterianos contra tolerancia e/ou persistencia: claves para a loita contra as bacterias multirresistentes.

Importe da bolsa: 8.000 €

Titular da bolsa: LADO FERNÁNDEZ, PATRICIA

Expediente: 2019000011786

Título do proxecto obxecto da bolsa: Efecto del gen de pluripotencia Sox2 en cáncer.

Importe da bolsa: 8.000 €

Titular da bolsa: PICALLOS RABINA, MARÍA DEL PILAR

Expediente: 2019000011787

Título do proxecto obxecto da bolsa: Avaliación do potencial terapéutico da resposta da senescencia celular en cancro.

Importe da bolsa: 8.000 €

3.- Disponer o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, fase A, operación nº 220190014227, por importe de 24.000 €.

4.- Nomear suplentes ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Suplente 1: Fernández Barreiro, Fátima

Suplente 2: Anido Varela, Laura

5.- Publicar a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo. No seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, e de conformidade co establecido no art. 46.4 da Lei 29/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. No entanto, se o considera conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.